

# O ENTROIDO



2ª EDICIÓN

DESPOIS DUNHA 1ª  
EDICIÓN QUE NOS  
ARRINCARON  
DAS MANS!

## MATERIAIS

Gráficos: Print Artist 8 Corrección: Alejandra Campo Penín Maquetación: Equipo A todo filispín!



EQUIPO  
DINAMIZACIÓN  
LINGUA GALEGA

CEIP GALÁN OSEIRO - ARTEIXO

CEIP EUSEBIO DA GUARDA A CORUÑA



EQUIPO  
DINAMIZACIÓN  
LINGUA GALEGA



CEIP EUSEBIO DA GUARDA  
A Coruña



CEIP GALÁN  
Oseiro-Arteixo (A Coruña)



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**TEXTOS E ACTIVIDADES**

ENREDOS DE ENTROIDO .....	3
OS CABEZUDOS TEÑEN UN PROBLEMA .....	5
O GAITEIRO .....	7
OS DISFRACES PERDIDOS .....	9
O ANTEFACE MÁXICO .....	11
UN ANIVERSARIO DE DISFRACES .....	13
A VARICELA .....	15
ANTÓN E O SEU DISFRACE .....	17
O SUSTO .....	18
O DISFRACE DOS DESEXOS .....	20
O ENTROIDO FANTÁSTICO.....	22
O NENO FELIZ .....	24
UNHA NENA IMAXINATIVA.....	26
A BRUXA MALVADA.....	28
O ENTROIDO .....	29
O ENTROIDO DO AVÓ .....	30
A MICAELA DE BUÑO .....	32
O DOMINGO GORDO .....	34
A ANTIGA FESTA DO ENTROIDO .....	36
OS CONTOS DA RATALUÍSA.....	37
O FELO DE MACEDA .....	39
EU TAMÉN FUN PELIQUEIRO .....	41
O PELIQUEIRO .....	44
O DISFRACE DE BRUXA .....	46
IMOS DE FESTA! .....	48
OS CIGARRÓNS .....	50
O PIRATA .....	52

**DOUS XOGOS**

O TRES EN RAIA.....	56
COMO ANDAMOS DE MEMORIA? .....	57

**CARAUTAS**

VINTE E CATRO CARAUTAS .....	58
------------------------------	----



# ENREDOS DE ENTROIDO

CURSO 2016-17

IRIA PORTO ÁLVAREZ, 3º D



Érase unha vez unha nena chamada Lola que vivía en Pontevedra. Ía celebrar o entroido cos seus avós, avoas, tíos, tías... Pola tarde ían ir ver un desfile con gaiteiros tocando, cabezudos, foguetes...

Ás seis da tarde Lola ía cun disfrace de médica. Logo foron ao desfile e cando comezou, un neno púxose a saltar e caeu.

Entón un policía díxolle a Lola:

-Ti es médica. Rescata ao neno.

-Eu non son médica. Isto é un disfrace -dixo Lola.

-Eu tampouco son un policía de verdade, tamén é un disfrace.

Entón chamaron a unha médica de verdade e rescatou ao neno.

E colorín colorado, este conto está rematado!



## QUE SABES DOS ENREDOS DE LOLA ?

1.- Como se chama a protagonista do conto?


2.- En que cidade galega vivía?

3.- De que ían disfrazados os protagonistas?

4.- Que lle pasou ao neno que tivo o accidente?



Resolve este encrucillado con palabras que aparecen no conto de Enredos de entroido.



## HORIZONTALAIS

- 1.- De que ía disfrazada Lola?
- 2.- Cousas que se botan nas festas e que fan moito ruído.
- 3.- Hora á que saíu Lola ao desfile de entroido.
- 4.- Familiares femininas coas que Lola ía celebrar o entroido.
- 5.- Disfrace que levaba a outra persoa que falou con Lola.
- 6.- Nome da protagonista do conto.


1.- MÉDICA 2.- FOGUETES 3.- SEIS 4.- TÍAS 5.- POLICÍA 6.- LOLA



# OS CABEZUDOS TEÑEN UN PROBLEMA!

CURSO 2016-17

DAVID MONTOYA SOUTO, 3º A



Un día de entroido en Deba, en Euskadi, os cabezudos preparábanse para saír á rúa a dar golpes no cú aos nenos.

Colleron a súa esponxa atada a unha corda e a súa cabeza de cartón... Pero... e a súa cabeza de cartón?

Os cabezudos desesperados comezaron a buscala: no baño, no soto, no rocho... pero nada.

Pero eu sei cal foi o fenómeno que causou isto: un ladrón con disfrace que se meteu no armario do cuarto dos cabezudos.

-Un momentíño. Entón... está no armario! -dixo un dos cabezudos.

-Si. Aquí está o ladrón! -dixen eu.

Os cabezudos colleron a súas cabezas de cartón e botaron fóra ao ladrón.

E a bolboreta que voou este conto contou.



## OS CABEZUDOS


1.- En que localidade sucede o conto dos cabezudos?

2.- Para que se preparaban?

3.- Onde estaba agochado o ladrón?



# — COMO CHEGAMOS AOS DISFRACES? —



Nunha vila moi pequena, hai moito tempo vivía un gaiteiro que tocaba moi ben a gaita, e presentouse a unha proba para o desfile de entroido.

Collérono. O día do desfile viu disfraces, rapazada con sombreiros e antefaces...

Algunhas persoas estaban a preparar foguetes.

O director deulle un disfraz.

Cando comezou a tocar a música, a súa familia alucinaba co ben que tocaba a gaita.

E todos berraron: GAITEIRO! GAITEIRO!



## COMO TOCA O GAITEIRO!

1.- Onde vivía o gaiteiro?

2.- Que levaba a rapazada?

3.- Que facía a familia do gaiteiro cando o viu tocar?


4.- Que lle berraron?


# QUE SABES DA GAITA?

Coloca cada nome onde lle corresponda e colorea.

RONCO    FARRAPOS    FOL    PUNTEIRO  
COPA    SOPRETE





# OS DISFRACES PERDIDOS

CURSO 2016-17

IRENE RODRÍGUEZ GARCÍA, 3º B




Había unha vez un colexio que se chamaba Eusebio da Guarda. Ían facer un desfile polo entroido. Todos os nenos e nenas do colexio tiñan que ir disfrazados, cada curso dun tema, pero de súpeto todos os disfraces desapareceron, os antifaces, os sombreiros, os foguetes e ata a música.

Todos comezamos a buscar máis e máis e máis... ata os profes.

Pero unha nena atopounos no despacho do conserxe. Alí estaban todos os disfraces.

Ao final puidemos facer o desfile cos foguetes, os antifaces, os disfraces, a música... E todos puidemos celebrar o entroido.



## ENTERÁCHESTE?



1.- En que colexio perderon os disfraces?

2.- Quen buscaba os disfraces?

3.- Onde estaban todos os disfraces? Quen os atopou?



# COPIAMOS UN DISFRACE?



Cando abrín o baúl dos disfraces, vin un anteface, os seus buratos dos ollos parecían sorrir.

Non era meu. De onde sairía?

Entón lembreime do entroido do ano pasado. A rúa estaba chea de xente disfrazada, os cabezudos desfilaban, a música soaba forte e os foguetes iluminaban o ceo.



Un pequeno rapaz vestido de choqueiro

arrincou o anteface da súa cara, tirouno ao chan e díxolle:

-Non te quero, fas que a miña cara sexa triste e fea!

Era o mesmo anteface que estaba agora no meu baúl. Non sabía como chegara alí, pero decidín que este ano o levaría posto.

A maxia do entroido acababa de comezar!

## DE ONDE SAIRÍA?

1.- Onde estaba o anteface?

2.- Quen lle arrincou o anteface? Onde o tirou?

3.- Cando sucedeu a historia do anteface e o choqueiro?


# EMPARELAMOS?

Une cada recadro da esquerda co da dereita e colore a parellas da mesma cor.

**A MAXIA DO ENTROIDO**

**OS FOGUETES**

**A MÚSICA**

**OS OLLOS**

**A XENTE**

**OS CABEZUDOS**

**UN RAPAZ**

**A CARA**

**O BAÚL**

**O ANTEFACE**

**ERA MÁXICO**

**DOS DISFRACES**

**ÍA DISFRAZADA**

**DESFILABAN**

**ILUMINABAN O CEO**

**SOABA FORTE**

**ÍA DE CHOQUEIRO**

**PARECÍAN SORRIR**

**PARECÍA TRISTE E FEA**


**ACABABA D E COMEZAR**



# UN ANIVERSARIO DE DISFRACES

CURSO 2016-17

JULIA CAAMAÑO TORRÓN, 6º B




Aquel inverno o meu aniversario coincidía co entroido.

Ao principio non me fixera nin pizca de gracia que as dúas festas coincidiran. E aínda me pareceu peor cando os meus amigos dixeron que non podían vir á miña festa xa que eles montaran unha de entroido.

Estaba moi decepcionada: non ía ter festa de aniversario.

Os meus amigos tamén me invitaran á súa festa, así que ao final aceptei. O día da festa e o do meu aniversario, ás catro e media, eu xa estaba na casa de Xabier para celebrar «a peor festa de aniversario da historia». Pero non. Ao abrir a porta leveime unha gran sorpresa. Un grupo de nenos e nenas disfrazados de piratas, princesas... recibíanme ao berro de FELIZ ANIVERSARIO, SABELA!



## VAIA FESTA DE ANIVERSARIO!

1.- Que dúas datas coincidían naquel inverno?

2.- Como se chama a protagonista do conto?


  

3.- Onde celebraban a festa os amigos de Sabela?


# DE QUE TE VAS DISFRAZAR?

Ti tamén estas convidado á festa de aniversario de Sabela. Pinta o dado, móntao, tírao e saberás o disfrace que tes que levar.



Había unha vez un neno chamado Xurxo que tiña 8 anos. Estaba coa varicela e non podía celebrar o entroido.

Na casa disfrazouse de ovella como seu pai e pasárono moi ben porque dende a súa fiestra podía ver o desfile coa xente disfrazada que ían cantando e tocando instrumentos musicais. Non estivo mal o entroido dese ano!



## ○ ENTROIDO DE XURXO

Como se chama o protagonista do conto?

--	--	--	--	--

Cantos anos ten Xurxo?

--	--	--	--

Que enfermidade tiña Xurxo na festa do entroido?

--	--	--	--	--	--	--	--

De que se disfrazou?

--	--	--	--	--	--



# A NENA QUE NON TIÑA AMIGOS

CURSO 2016-17

ERIKA CALVO PAZOS, 2º B



Érase unha vez unha nena que ía ao entroido e estaba moi triste porque non tiña ningún amigo. Enganchóuselle o disfrace e comezou a chorar.

Un neno que ía disfrazado de esqueleto preguntoulle:


- Que che pasa?
- Rompeume o disfrace! -dixo a nena.
- Tranquila, eu axúdoche a arranxalo.

Naquel momento os dous fixéronse moi amigos e xuntos foron ver á noite os foguetes na praza da vila.



## QUE DISFRACE LEVABA A NENA?

O neno que aparece no conto ía disfrazado de esqueleto, pero do disfrace da rapaza non sabemos nada. Poderías pensar un disfrace para a rapaza e debuxalo?





# ANTÓN E O SEU DISFRACE

CURSO 2016-17

ANA NOVAL SOUTO, 3º B

CEIP GALÁN  
Oseiro-Arteixo (A Coruña)


Antón quere que chegue o entroido xa, porque lle gusta moito poñerse un disfraz que lle regalou o seu curmán e tamén porque cando pon o sombreiro e o antifaz non o coñece ninguén e pode facer moitas traxaduras.

O último día do entroido hai un desfile no seu pobo. Alí xúntase cos seus amigos e pásano xenial: bailan, comen orellas e filloas e, ao rematar, van todos xuntos para ver a tirada de fogos artificiais. VIVA O ENTROIDO!



## DE QUE SE VAN DISFRAZAR?

Busca nesta sopa de letras o nome de SEIS disfraces.



Esta historia trata dunha nena chamada Star.  
Seu pai este ano disfrazouse de gaiteiro. A ela non lle gusta moito a gaita.

Cando paseaba pola beira do río, seu pai apareceu botando foguetes de detrás dun arbusto.

Star, levou tal susto que caeu ao río. De súpeto o río elevouna e apareceu cun disface de cantante, un anteface e un sombreiro. Tamén todos os peixes comezaron a desfilan e facer música, uns tocaban o violín, outros o saxofón e mesmo a batería.

Entón Star dixo:

-A festa do entroido é tradicional, especial e moi, moi alegre.

**NON TE ASUSTES!**

1.- De que ía disfrazado o pai de Star?

2.- Que instrumento musical non lle gusta moito á protagonista?


  

3.- Que lle pasou ao levar un susto?


# QUEN SE ASUSTA?

Star levou un susto pero aínda o pode levar máis grande se ve esta carauta que ti vas completar.



# O DISFRACE DOS DESEXOS

CURSO 2016-17

JULIO CLERÍNS FERNÁNDEZ, 5º A



Había unha vez un brasileiro de 9 anos, Luisinho, que consideraba ao entroido como a súa festa favorita.

O día de carnaval do ano pasado, sucedeu algo fantástico...

Lusinho estivo de excursión con dous dos seus amigos, Nuria, unha española e Liam, un estadounidense.

Observaron algo rechamante nunha cova e, claro, entraron nela.

Viron un trapo branco moi grande e xogaron a taparse con el e logo Luisinho suspirou...



-Se polo menos fora un disfrace de Supermán...

E... Puf! Unha néboa branca apareceu como por arte de maxia e alí apareceu o Luisinho disfrazado, per-fec-ta-men-te, de Supermán.

Despois todos se puxeron a dicir que é o que querían ser e, claro, tiveron que manter o segredo.

## VOARÁ LUISINHO?

1.- Cantos anos ten Lusinho?



2.- Como se chaman os amigos do protagonista do conto?

3.- De que nacionalidade son?



# UNHA CHEA DE SUPERHEROES!

Colorea da mesma cor os superheroes iguais e conta cantos hai de cada un deles. Que non escape ningún!



Eu, no entroido, vou a unha festa en Arteixo.


Nesa festa hai un millón de cousas:

música, bailes, concursos... tamén hai xente que leva sombreiros, antefaces, vasoiras de bruxa, capas de Supermán, zapatos enormes e moitas máis cousas.

Noutras aldeas e vilas hai gaiteiros e unha nena da miña clase, chamada Ariadna, díxome que no entroido de Ourense había cabezudos.

A min é a data que máis me gusta porque imos mercar un disfraz diferente cada ano e cada vez o disfraz é máis gracioso.

Este ano voume disfrazar de... paquete de patacas fritidas!



## DE PATACAS FRITIDAS?

1.- Onde é a festa á que vai a protagonista do conto?

2.- Cantas cousas hai nesa festa?

3.- De que vai ir disfrazada a protagonista?



# NON TE ASUSTES!

Cambia cada número pola letra que lle corresponde e descubrirás de que van disfrazados os rapaces e as rapazas do colexio.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15
A	E	I	O	U	S	R	P	C	Z	D	M	L	X	F
						16	17	18						
						N	B	V						

4	6		7	1	8	1	9	2	6		2			
7	1	8	1	10	1	6		11	4		12	2	5	
9	4	13	2	14	3	4		15	4	7	4	16		
11	3	6	15	7	1	10	1	11	4	6		11	2	
13	4	17	4	6		2		4	18	2	13	13	1	6



Había unha vez un neno que sempre estaba anoxado.

Un día de febreiro, o neno saíu a pasear coa súa nai e atopou xente disfrazada con moitas cousas raras.


E preguntoulle á súa nai:

-Mamá, por que están disfrazados?

A súa nai respondeulle:

-Porque é o entroido.

O neno púxose tan contento que se disfrazou de cabezudo.



## VAIA CARA!

1.- Como estaba sempre o neno?

2.- Con quen saíu a pasear un día de febreiro?

3.- Que foi o que atopou cando ía coa súa nai?





4.- Porque ía a xente disfrazada?





# TRISTES OU ALEGRES?


Colorea de azul as carautas alegres e de vermello as tristes.



# UNHA NENA IMAXINATIVA

CURSO 2016-17

CELIA VEIGA RODRÍGUEZ 5º C



Érase unha vez unha nena pequena. Traballaba co seu avó facendo bonecos para poder vivir.

A nena quería un disfrace pero non tiña cartos, Nin un euro!

O día anterior a súa mestra díxolle que iso non importaba porque tiña moita imaxinación e iso era o mellor.

Ela o que quería era disfrazarse e desfilas coa música da banda.

Pola noite, a nena soñou cun disfrace moi bonito e, cando espertou, colleu un fío e uns plátanos, atounos á cintura e comezou a bailar e danzar e díxolle ao seu avó:

-Mira avó, xa teño o disfrace! Por fin!



## QUE IMAXINACIÓN!

1.- Que traballo facían a nena e o avó?

2.- Que lle dixo a mestra á nena?


  

3.- Que materiais usou para facer o disfrace?


# COMO ESTÁS TI DE IMAXINACIÓN?

A rapaza do conto fixo un vestido cun fío e uns plátanos. Serías ti quen de deseñar un disfraz usando algúns dos obxectos do recadro? Coloréao.



O DISFRACE DE \_\_\_\_\_

A large empty rectangular box for drawing a costume design.



# A BRUXA MALVADA

CURSO 2016-17

SABELA RODRÍGUEZ RIVERA 2º C



Había unha vez dúas nenas ás que lles daba moito medo o entroido porque era no colexio e o colexio estaba enfeitizado.



-O luns xa chegou, Laura. Que imos facer? Vai vir a bruxa malvada e dixo que se ía levar aos perdedores!

-Oh, noooooon!

-Que pasa, Laura?

-E que non o ves? Vén a bruxa!

-Tranquila. Eu podo con ela. Patada, xiro, voltereta...

E así foi como resolveron o tema e puideron celebrar no colexio o entroido.

## MALA, MALA, MALA!

1.- Que lles pasaba ás nenas co entroido?

2.- Onde se ía celebrar o entroido?

3.- Que día da semana se celebraba o entroido?


4.- Con que palabras máxicas resolveron o problema?




O entroido é unha festa tradicional en Galicia. A xente disfrázase de moitas cousas. Hai disfraces de choqueiros, que son os feitos na casa. Algúns choqueiros usan anteface para que non os recoñezan.

A comida típica é o cocido, as filloas, as orellas e as rosquillas.



## QUE SABES DO ENTROIDO?

1.- Completa con vogais.

Festa tradicional de Galicia.

N T R   D

Tipo de disfrace feito na casa.

C H  Q    R

Úsano algúns choqueiros para que non os recoñezan

N T  F  C

Comida típica do entroido.

F  L L   S



# O ENTROIDO DO AVÓ

CURSO 2015-16

LYDIA SÁNCHEZ , 4º C




Un ano no que non me lembro cal, presenteime na casa dos avós para ir á festa do entroido co meu disfrace de gato,

O avó díxome:

-Para aí, que vou polo meu disfrace!

Tardou un cacho e cando voltou non entendía nada: o avó non era o avó. Era a avoa pero con bigotes e as barbas do avó.

A miña nai escachaba coa risa e eu non sabía se ía á festa do entroido co avó ou coa avoa.



## COMO FOI O ENTROIDO DO AVÓ?

1.- En que ano pasou a historia que se narra?

2.- De que ía ir disfrazada a protagonista?

3.- En que era diferente o avó disfrazado da avoa?

4.- Que lle pasou a nai cando viu ao avó disfrazado?


5.- E que lle pasaba á protagonista despois de ver ao avó?





# O LABIRINTO DO AVÓ

2.- De que van disfrazados os protagonistas do conto? Pinta cada camiño dunha cor diferente.



# A MICAELA DE BUÑO

CURSO 2015-16


LAURA VERDES , 4º B

 CEIP GALÁN  
Oseiro-Arteixo (A Coruña)

No entroido en Buño, A Coruña, onde vive o meu avó e a miña avoa fan unha festa onde comen, beben e os nenos, as nenas e os maiores disfrázanse e bailan e cantan.

Ao final da festa queiman a Micaela, unha boneca xigante.


E así remata a famosa festa da Micaela de Buño.



## MI...CA...E...LA

1.- Busca, une e pinta da mesma cor as cinco palabras que teñen que ver co texto.


**MICAELA BUÑO A CORUÑA BONECA FESTA**





# QUE LLE FALTA Á MICAELA?

2.- Completa o debuxo da Micaela de Buño e pintaa.



**CURSO 2015-16**

**ARIADNA FERNÁNDEZ , 4º B**



CEIP GALÁN  
Oseiro-Arteixo (A Coruña)


A vila dos meus avós chámase Viana do Bolo.

Todos os domingos de entroido celébrase a Festa da Androlla. A xente sae a tocar nos folións, cos bombos e coas aixadas, facendo diferentes ritmos.

A figura principal do entroido son os boteiros. Levan unhas carautas e unha pantalla xigante de papel de seda de moitas cores. O seu traxe leva lazos fruncidos de cores e esquilas colgadas no cinto.

Todos os nenos da vila pasámolo xenial tocando e bailando.

Ao final comemos a androlla con grelos, patacas, sopa, costelas e biscoitos.



## BOTEIROS, ANDROLLA, VIANA...

1.- En que localidade se celebra a Festa da Androlla?


2.- Cal é a figura principal do entroido de Viana do Bolo?

3.- Con que se come a androlla?


# O ENCRUCILLADO DA ANDROLLA



## HORIZONTAIS

- 1.- Localidade ourensá onde se celebra o Domingo Gordo.
- 2.- Día da semana no que se celebra a Festa da Androlla.
- 3.- Festa popular galega.
- 4.- Figura principal do entroido de Viana do Bolo.
- 5.- Reunión de moita xente na que se toca o bombo, as aixadas...
- 6.- Campás que levan os boteiros colgadas do cinto.
- 7.- Aparello que levan nas cabezas os boteiros e que está feito de papel de seda de moitas cores.
- 8.- Ferramenta que se usa no folión para facer ruído.

1.- VIANA 2.- DOMINGO 3.- ENTROIDO 4.- BOTEIROS  
5.- FOLIÓN 6.- ESQUILAS 7.- PANTALLA 8.- AIXADA



# A ANTIGA FESTA DO ENTROIDO

CURSO 2015-16

ANDREA BARREIRO , 4º A


A miña avoa Maru, de pequena, vivía nunha aldea chamada Suevos, en Arteixo.

Ela contoume que na festa do entroido os nenos e nenas disfrazábanse de choqueiros, coa cara tapada e cun pau na man.

Ían polos camiños asustando á xente que lles gritaban: «Choqueiros, as barbas do meu carneiro!» e os choqueiros corrían detrás deles co pau na man para asustalos.


Tamén petaban nas casas para que lles deran unha filloa ou unha orella.



 CEIP GALÁN  
Oseiro-Arteixo (A Coruña)

# A ANTIGA FESTA DO ENTROIDO

Localiza e une con frechas as letras coa frase que lle dicían os veciños de Suevos aos choqueiros.



# OS CONTOS DA RATA LUÍSA

MON DAPORTA PADÍN

Achégase o entroido e na casa dos ratos case é obriga iren disfrazados.

E para teren traballo adiantado os nenos xa teñen o disfrace pensado.

Un quere o de pirata, outro de pallaso e o outro quere, un disfraz de mago.

Roxelio e Luis gárdano en segredo, queren sorprenden ata os seus nenos.






MON DAPORTA, «OS CONTOS DA RATA LUÍSA. ENTROIDO»  
EDITORIAL A NOSA TERRA

## DE QUE VAN?


Colócalle o nome a cada disfrace e colorea.

PALLASO PIRATA MAGO




# ○ LABIRINTO DOS RATIÑOS

Averigua o camiño que ten que seguir cada ratiño da Rata Luísa para chegar ao seu disfraz. Colorea.



# DISFRAZÁMOLOS?

Facémoslle un disfraz a cada un dos ratiños?





# O FELO DE MACEDA

JORGE FERNÁNDEZ CARBALLO

O felo, personaxe tradicional do entroido de Maceda, ten a súa orixe na Serra de San Mamede e dise que eran cobradores de impostos do conde de Maceda, aínda que a orixe certa non se coñece.

O felo non é un disfraz. É un sentimento. A súa indumentaria está composta por: medias negras, camisa branca, pantalón curto con perillos brancos, unha colcha de diferentes cores envolta na cintura a modo de faixa, gravata, colares de perlas, chaquetiña, calcetíns brancos enriba das medias, botas de fol, cinco chocas na cintura penduradas dun cinto de coiro, un caxato e a carauta: a peza máis importante do traxe, de dentamía retranqueira e barba de pel de coello luce na súa mitra animais autóctonos do Val do Medo.



O felo percorre a corga da Serra de San Mamede de aldea en aldea, facéndose sentir coas súas chocas e aturuxos.

O felo impón o seu respecto e é unha figura amada pero tamén temida. Saen o sábado e domingo de entroido pero podédelos atopar polas aldeas e pola vila a partires do un de xaneiro.

## QUE PALABRAS ESTÁN DE MÁIS?

Arrodea os nomes das prendas e obxectos que compoñen a indumentaria dun felo e risca as cinco que non pertencen.


ABRIGO    GRAVATA    ANTEOLLOS    CHOCAS    FAIXA  
CALCETÍNS    MEDIAS    BAÑADOR    COLCHA    CHAQUETIÑA  
CASCO    CINTO    CARAUTA    CAXATO    ANORAK    BOTAS



## A INDUMENTARIA DO FELO

Coloca cada nome do recadro onde lle corresponda.

MEDIAS CAXATO PERILLOS CARAUTA COLARES CALCETÍNS



## A SOPA DE LETRAS

Localiza as seis palabras relacionadas cos felos de Maceda.

**FAIXA**  
**CHOCAS**  
**MEDIAS**  
**PERILLOS**  
**CAXATO**  
**CARAUTA**

C	A	R	A	U	T	A	R	P
C	H	O	C	A	S	L	O	E
Q	G	T	P	B	L	M	E	R
Ñ	F	A	I	X	A	E	R	I
D	T	Z	E	R	B	D	V	L
E	L	Q	V	L	S	I	U	L
Z	U	H	C	A	X	A	T	O
T	D	Q	Ñ	S	P	S	F	S
G	R	E	O	H	T	L	Q	P





Ía frío. Un vento seco, cortante coma gume de navalla afiada, ameazaba Laza, a aldea agochada entre as serras do Invernadoiro.

A praza da Picota bulía en estrondo de festa, coma se a ninguén lle importasen tan baixas temperaturas ou coma se aquela alegría febril do Entroido fixese esquecer a inverniá atroz que cada ano vivía o interior de Ourense.

Toda aquela xente viñera correr o Entroido. E o Entroido comezaba.

Primeiro foi un compasado boureo de chocas; logo, a bafarada multicolor das máscaras anegando as rúas.

-Como sopra o vento do Invernadoiro! Corta que afeitada! -falou meu tío.

-Con este frío, non sei se virán moitos correr o Entroido! -respondeu a tía Balbina.

-No Entroido ao frío escorréntao a alegría da festa -respondeu a avoa.

A avoa disfrazada de campesiña e co seu carro tirado por unha xugada de vacas, ofrecíalle bica a todo o mundo.

-Moito lle gustan esas parvadas! -falou miña nai.

-Non son parvadas! -dixo miña tía-. Son costumes que se conservan en Laza dende tempos ancestrais.

-Si, manifestacións nas que asoma a besta apocalíptica, o monstro que todos levamos dentro -replicou meu curmán, que sabía moitas cousas do Entroido porque llas explicaban no colexio.

Pero miña nai non parecía moi convencida. Ela sentía o Entroido coma unha obriga, a súa pequena contribución á aldea onde nacera, pero nin Laza nin as súas festas lle gustaban.

-Bica, bica, para fartar a pelica! -repartía a avoa dende o carro.

A bica estaba moi boa: fixerámola ela e mais eu a véspera, con fariña de trigo, ovos, leite e azucre.



## OS PELIQUEIROS DE LAZA

1.- Onde está agochada a vila de Laza?

---

2.- En que praza de Laza se celebraba a festa do Entroido?

---

3.- Que repartía a avoa disfrazada de campesiña?

---

4.- Arrodea catro ingredientes que leva a bica.


LARANXAS FARIÑA DE TRIGO NOCES MEL AZUCRE  
OVOS VIÑO DOCE PASAS IOGUR LEITE AMÉNDOSAS

## A MÁSCARA DO PELIQUEIRO

A máscara do peliqueiro está feita de madeira de bidueira e a «mitra», a pantalla superior, é normalmente de aluminio, para que pese menos e vai adornada con debuxos de animais.

Serás quen de crear a túa propia máscara?





## HORIZONTALAIS

- 1.- Máscara con traxe feito de pelicas que sae polo Entroido na vila ourensá de Laza.
- 2.- Serras montañosas nas que está agochada Laza.
- 3.- Praza de Laza onde se celebra o Entroido.
- 4.- Provincia galega na que saen polo entroido os peliqueiros.
- 5.- *(En plural)* Un dos ingredientes da bica.
- 6.- Bola redonda de fariña de trigo, ovos, manteiga e azucre, típica da provincia de Ourense.
- 7.- Parella de animais que serven de tiro a un carro.
- 8.- Campás que levan os peliqueiros no tempo do Entroido e que producen un compasado boureo.

1.- PELIQUEIRO 2.- INVERNADOIRO 3.- PICOTA 4.- OURENSE  
5.- OVOS 6.- BICA 7.- XUGADA 8.- CHOCAS



A figura central de todo o Entroido é a máscara. A máis antiga en Galicia é a do peliqueiro. Esta máscara consiste basicamente nunha vestimenta vistosa e charramanguera e nunha careta.

O traxe está composto por unha camisa branca, unha gravata vermella, unha chaqueta curta de seda con xarreteiras e chea de galóns dourados e prateados, e un pantalón curto -ata os xeonllos- con dúas tiras de encaixe. Na cintura leva unha faixa de cuarta e media de ancho e un cinto no que van penduradas as chocas ou chocallos, que teñen un son moi característico. A careta, coloreada, leva cosida pola parte de atrás unha pel de raposo, año, can ou galo. No pescozo átase un pano de seda. As pernas cóbrense con medias, cinguidas con rechamantes ligas, e os zapatos son negros e aguzados. O peliqueiro leva unha especie de látego co que malla a todos os que atopa no camiño.

ÁN XELA GRACIÁN, «EU TAMÉN FUN PELIQUEIRO EN LAZA»  
EDITORIAL EVEREST GALICIA

## COMO SON?

Relaciona cada prenda do peliqueiro coas súas características.

CAMISA

GARAVATA

CHAQUETA

PANTALÓN

FAIXA

ZAPATOS

VERMELLA

NEGROS E AGUZADOS

DE CUARTA E MEDIA

BRANCA


CURTA DE SEDA

CURTO



Coloca o nome de cada unha das partes do traxe do peliqueiro e colorea o debuxo seguindo o texto de Ánxela Gracián que aparece na páxina anterior.

- |         |        |          |          |       |
|---------|--------|----------|----------|-------|
| CAMISA  | LIGA   | CARETA   | CHAQUETA | GALÓN |
| GRAVATA | ZAPATO | MEDIA    | CINTO    | CHOCA |
| PELICA  | LÁTEGO | PANTALÓN |          |       |



DEBUXO: MARÍA GALLEGO



# O DISFRACE DE BRUXA



**EQUIPO A TODO FILISPIN!**

Antía levaba toda a semana buscando un disfrace de bruxa. Tiña que actuar no festival do colexio e non atopaba unha vasoira vella nin un nariz longo.

Por fin recibiu unha chamada a noite anterior ao desfile. A súa avoa atopara no faiado a vasoira coa que espantara, hai moitos anos, aos ratos peludos que apareceran pola casa. Agora o problema era atopar un nariz. Onde o podería conseguir? A solución deulla seu pai: baleirar unha cenoria e colocarlle unha goma. Xa podía durmir tranquila. O seu disfrace de bruxa, por fin, estaba completo e listo para o desfile do colexio.

1.- Cal é o nome da protagonista do conto?

2.- De que se ía disfrazar?

3.- Onde ía actuar?


4.- Que dúas cousas lle faltaban para o disfrace de bruxa?

5.- Onde atopou a vasoira que lle faltaba?



6.- Localiza neste sombreiro as letras que forman o nome do disfrace de Antía. Completa a frase.

Antía disfrazouse de...



7.- Colorea os obxectos que pode levar un disfrace de bruxa.





## IMOS DE FESTA!



### EQUIPO A TODO FILISPIN!

Cando cumpliu os sete anos, Carolina só tiña unha ilusión: facer unha festa de disfraces o luns de entroido e invitar a todos os seus amigos.

Invitaría a Alberte, o que come coma un lobo e está gordo coma un pipote e tamén invitaría a Lois, que come coma un pito e está delgado coma un fío.

Tamén invitaría a Uxía que é delicada coma un pirixel e sempre está metida no médico e, como non, invitaría a Cibrán, que é calado coma un peto.

Así que con todos eles artellou Carolina unha festa das de sete estalos: houbo disfraces de raíña, de meiga, de indio, de demo, de pallaso e de... oso, que foi do que se disfrazou Carolina e ía guapa coma unha rosa. De merenda puxeron bocatas de nocilla e pizza con anchoas e de beber Coca-Cola sen cafeína e auga da billa.

A verdade é que o pasaron moi ben e quedaron xa citados para o vindeiro luns de entroido no que Carolina cumprirá os oito anos.

1.- Localiza e escribe o nome dos cinco protagonista do conto.

CAROLINA	ALBERTE	UXÍO	ROI	BRANDÁN
CIBRÁN	CARME	TAREIXA	ANTÓN	
UXÍA	XOSÉ	SABELA	LOIS	XACOB
				ADRÍAN

---

---

---





2.- Une cada nome coa súa característica e completa.

- |            |                             |
|------------|-----------------------------|
| Alberte ■  | ■ delicada coma un pirixel. |
| Uxía ■     | ■ gordo coma un pipote.     |
| Lois ■     | ■ calado coma un peto.      |
| Cibrán ■   | ■ guapa coma unha rosa.     |
| Carolina ■ | ■ delgado coma un fío.      |

Alberte é

---

---

---

---


---

---

---

---

3.- Colorea o disfrace que levou Carolina á festa.



# ENTROIDO de VERÍN

DO 20 DE FEBREIRO AO 9 DE MARZO  
2017



**A FESTA DOS CIGARRÓNS**

## OS CIGARRÓNS

**EQUIPO A TODO FILISPIN!**

A máscara máis popular da vila ourensá de Verín é o cigarrón. Esta máscara ten unha carauta de pau, cunhas cellas moi grandes, un enorme bigote, unhas meixelas rosadas, un gran sorriso cínico cos dentes á vista e barba falsa.

Toda a máscara vai unida a unha pantalla cun debuxo dun animal ou dunha planta, aínda que tamén se pode represen-

tar o sol e a lúa.

Na cintura leva prendidas seis grandes chocas ou chocallos de cobre que o cigarrón non deixa de bater facendo un ruído moi característico. Ah! e ademais leva un látigo co que vai zoscando a todo o que se lle pon por diante.

1.- Indica as características de cada unha das partes da súa carauta.

*falsa rosadas moi grandes enorme cínico de pau*

CARAUTA

SORRISO

CELLAS

BARBA

MEIXELAS

BIGOTE




2.- Con que dous nomes se coñecen as campaiñas que levan os cigarróns enganchadas á cintura?



3.- Que fan os cigarróns co látego que levan cando saen polas rúas?


4.- Observa o cartel e contesta. En que localidade saen durante o entroido os cigarróns?


5.- En que días se celebrou o entroido en Verín do ano 2014?


6.- Lembra o texto dos cigarróns e completa e colorea este debuxo.



**EQUIPO A TODO FILISPIN!**

-Veña, veña, Roi, que xa chegaron os teus amigos -avisouno a nai.

Era a primeira vez que Roi ía participar cos seus amigos Brais, Sabela e Martiño no desfile que cada ano se celebraba no Curro da Praza, coincidindo co martes de

entroido.

Este ano viña unha comparsa de Noia e un grupo de gaiteros «Os Fe de Capesta» que ían animar o baile que se celebraría ao remate do desfile. Roi tiña moitas esperanzas de gañar algún dos premios que daba o Concello. O seu disface era ben chulo! Un pirata con tres ollos!.

Cando os catro amigos chegaron ao Curro xa estaba toda a rapazada disposta para desfilar seguindo aos gaiteros. Había de todo: fadas, leóns, ananos, xigantes, pallasos, domadores, vaqueiros, indios, superheroes... unha chea de xente disposta a pasalo ben.

Toñito, o tendeiro, lanzoulles uns caramelos á rapañota. Xenoveva, a do bar, invitou a todos a mollar a palleta de balde con refrescos e auga mineral.

Pero o mellor do día estaba por chegar. Roi gañou o primeiro premio do concurso: un porquiño! Chegou á súa casa alegre coma unha gaita nas festas. Foi un martes de entroido que Roi non esquecería en moito tempo.

1.- Con que tres amigos ía ir Roi ao desfile do martes de entroido?

2.- Como se chamaba o grupo de gaiteros que ían animar o baile?


  


3.- De que ía disfrazado Roi?


4.- Que fixo Toñito, o tendeiro?


5.- E que deixou Xenoveva, a do bar?


## ○ ENCRUCILLADO



1.- SABELA 2.- CONCELLO 3.- TOÑITO 4.- ROI  
5.- PORQUIÑO 6.- PIRATA 7.- TENDEIRO 8.- NOIA

## HORIZONTAIS

- 1.- Nome dunha das amigas de Roi.
- 2.- O que daba os premios no concurso de disfraces.
- 3.- Nome do tendeiro que lanzou caramelos a rapañota.
- 4.- O protagonista do conto.
- 5.- Premio que levou Roi polo seu disface.
- 6.- Disface de Roi.
- 7.- Traballo que tiña Toñito, o dos caramelos.
- 8.- Lugar de onde viña a comparsa para animar o baile.



7.- Localiza o erro nas seguintes frases e corríxeas.

*Era a última vez que Roi participaba no desfile.*


*Toñito, o boticario, lanzoulles caramelos á rapañota.*


*Roi gañou o primeiro premio: un galo de curral!*


8.- Arrodea o significado de «**mollar a palleta**».

**MOLLARSE    BEBER    COMER    CANTAR**


9.- Ordena estas frases do conto.

Cando os catro amigos chegaron ao Curro xa estaba toda a rapazada disposta para desfilar seguindo aos gaiteros.

Roi gañou o primeiro premio do concurso: un porquiño!

Era a primeira vez que Roi ía participar cos seus amigos Brais, Sabela e Martiño no desfile.






**DOUS XOGOS**

# O TRES EN RAIA













Colorea cada unha das fichas, cada debuxo das mesmas cores.  
Recórtaas e xa podes xogar ao tres en raia... do entroido.





## COMO ANDAMOS DE MEMORIA?


Colorea cada unha das fichas, usando para cada parella as mesmas cores. Recórtaas, dállles a volta e xa podes xogar ao xogo das parellas, poñendo a proba a túa memoria e a dos teus compañeiros e compañeiras








## **VINTE E CATRO CARAUTAS**




















# ○ GATO CHINÉS RABUÑÓN

































# A OUTRA CAVEIRA CALVA

